

## **XORNADAS DE SENDEIRISMO DE PRIMAVERA 2010.**

### **PEREGRINACIÓN A SANTIAGO**

#### **CAMIÑO DE SANTIAGO DO NORTE EN CINCO FINES DE SEMANA.**

O camiño do Norte é quizais a ruta máis histórica, a primeira que toman os peregrinos de todo o cristianismo europeo da época para acadar Santiago de Compostela.

Hai que ter en conta que, nos primeiros séculos e a partir do momento no que se descubre a tumba do Apóstolo, a dominación por parte dos musulmáns alcanzaba moitos territorios das zonas máis norteñas da península , e esta é a razón fundamental deste primitivo trazado.

Este camiño comeza en Hendaia e é un dos máis atractivos e emocionantes, aínda que para que o peregrino fenés se faga unha idea do camiño pódense facer as últimas etapas xa en Galicia dende Vilalba. En Arzúa esta Ruta continúa polo camiño francés.

#### **A RUTA DENDE VILALBA.**

##### **1ª Xornada: 10 de abril de 2010.**

##### **Vilalba – Baamonde.**

Xornada de 21 Km, cun perfil algo accidentado na primeira parte , ata chegar á Torre, a partir de cuxo punto o trazado discorre entre chas e suaves descensos.

A que foi emblemática torre defensiva dos Condes de Andrade e a Igrexa de Santa María son as referencias de partida de Vilalba. Polas rúa Concepción Arenal e Perreira, saímos da vila en busca do río Magdalena, que se supera pola Ponte Rodriguez. Seguindo a mesma traza que levamos, chégase a alba. A partir de ahí a estrada nacional convírtese en referencia máis que nunca , xa que cruzaremos o seu firme en varias ocasións antes de chegar a Ferreira, localidade que se atopa a máis de oito km de A Torre.

Pasado Ferreira, algúns espazos cóbrense pola propia estrada nacional (N-634), que alterna con algún que outro camiño ata que se accede á localidade de Baamonde, onde se sitúa o final desta xornada.

### **2ª Xornada: 17 de abril de 2010.**

#### **Baamonde – Braña**

Esta é unha xornada de camiño abrupto e accidentado. Comeza no albergue de Baamonde. O primeiro treito, que finaliza no emblemático lugar de San Alberte é un agradable paseo pola antiga N IV. Tras cruzar o río, iniciase un ascenso por camiño que nos conduce ata Santa Leocadia. Moi pronto pasamos polos lugares de “El Camino”, “Aldar”, “Seixón” e “Laguna”.

### **3ª Xornada: 24 de abril de 2010.**

#### **Braña – Sobrado**

A saída de Miraz é por rúa , pero axiña un carretil a man esquerda en ascenso nos conduce ata Braña. Adicaremos a primeira parte en ascenso para chegar ata “Roxica” , a partir de cuxa poboación encadeamos o paso por unha serie de pequenas aldeas ou núcleos agrícolas e gandeiros, separados uns doutros por dous km. : “A cabena”, “Travesa”, Marcela e Corteporcós, un pouco máis alonxado atópase Marco das Pías seguido de Vilariños e Mesón.

Aínda faltan seis km. para chegar a Sobrado pero estes xa son en descenso. Pasaremos polos barrios de “Esgueva” e “Muradelo” e tras bordear o lago de “Sobrado” poderemos ver dibuxadas as torres do Mosteiro de “Sobrado dos Monxes”.

### **4ª Xornada: Día 1 de maio de 2010**

#### **Sobrado – O Pino**

Esta non é a última etapa do camiño xa que todas rematan en Santiago, o que ocorre é que en Arzúa atópase co Camiño Francés, que é onde se describen o resto das xornadas. Estamos por tanto ante o último treito do Camiño do Norte ou da Costa.

O perfil de Sobrado a Arzúa é máis ben en descenso, aínda que deberemos salvar algún que outro repeito. Sálese pola estrada AC- 232 en dirección Castro. Abandonamos esta localidade con dirección a Bodelos, Corredoiras,

Boimil e Boimorto, poboacións separadas entre elas por escasa distancia que se cubre alternando camiños e asfalto, nun traxecto sen accidentes xeográficos. Os dous últimos, en moderado ascenso dan acceso ao final da etapa.

### **5ª Xornada: Día 8 de maio.**

#### **O Pino – Monte do Gozo**

Nesta etapa o terreo é casi unha calca do anterior, a constante: son subidas e baixadas entre pequenas aldeas e caseríos que distraen ao camiñante.

A partir de Salceda a estrada é a referencia xa que o Camiño, serpeando con ela, pasa por caseríos e aldeas. Pistas e corredoiras entre frondosos bosques de eucaliptos, que nos levan a Labacolla, de cuxa poboación toma o nome o Aeroporto de Santiago, que se atopa moi preto.

Seis km. de ascenso pasando pola pequena poboación de San Marcos, son os que restan para chegar ao Monte do Gozo.

Unha vez que se chega ao Monte do Gozo, os camiñantes quedarán a durmir no albergue do Monte do Gozo, para o que deberán levar nesta xornada, un saco de durmir e esterilla.

Os participantes que non queiran durmir no albergue, poderán durmir pola súa conta noutro lugar, baixo a súa responsabilidade.

### **6ª Xornada: Día 9 de maio de 2010**

#### **Monte do Gozo – Santiago (4,5 km.)**

Os peregrinos sairán do Albergue do Monte do Gozo para chegar cedo á Catedral. É practicamente un tramo urbano, ben sinalizado que segue a traza histórica.

✓ **Información común a tódalas xornadas:**

- *Lugar e hora de saída:* da Praza do Concello de Fene ás 8:30 horas
- *Lugar de chegada:* á praza do Concello de Fene
- *Dificultade:* Media - Alta
- *Nº de prazas:* 50
- *Destinatarios:* maiores de 16 anos (os menores de idade deberán achega-lo permiso paterno)

**INSCRICIÓN E INFORMACIÓN:**

- **Lugar:** Na Comisión de Cultura, Xuventude e Deporte. (Avda. Naturais, 44 entrechán, dta.. Telf.: 981 34 03 66)
- **Horario:** de 9:30 a 13:30 horas
- **Prazo:**
  - Todo o camiño: Ata o 8 de abril. As persoas que se inscriban para realizar todo o camiño terán preferencia sobre as que se inscriban para realizar xornadas dun ou dous días.
  - Xornadas dun ou dous días: Ata o xoves anterior á realización da xornada. Esta inscrición realizarase sempre que haxa prazas libres despois de contabilizar as solicitudes para participar na realización de todo o camiño.
- **Cota:**
  - 50 € todo o camiño (as persoas que realicen todo o camiño terán preferencia de inscrición).
  - 20,55 €/ xornada dun día.
  - 41,10 € xornada de dous días.

**Organiza:**

Concello de Fene. Comisión de Cultura, Xuventude e Deporte.

**Colabora:**

Xunta de Galicia.